

AXENDA PARA O ALUMNADO . Hidrosfera

A continuación propónse un Plan de Traballo día a día que é recomendable seguir:

Día 1 e 2. Le a “Presentación” da materia correspondente a Hidrosfera, para facerse unha idea dos contidos e empeza por **resolver a ACTIVIDADE INICIAL** .
Podes iniciar o estudo dos contidos correspondentes a **Orixe da hidrosfera. A auga no noso planeta. A auga noutros planetas**

Día 3 – 4 e 5. Continúa estudando o documento de contidos citado anteriormente e comeza o correspondente . **A molécula de auga. A auga do mar e a auga dos continentes e o Ciclo da auga.**

Día 6 – 7 e 8. Podes repasar brevemente o anterior e comezar co documento de contidos **A auga no clima, paisaxe, seres vivos. Valoración da importancia da auga . A contaminación e depuración da auga**

Día 8 - 9. Repasa brevemente todos os contidos anteriores **Mira as Preguntas máis frecuentes FAQs**. Están para resolver algunhas dúbidas. **Realiza os exercicios de autoavaliación correspondentes aos contidos estudados**. Estes exercicios e os que sigan da sección deben realizarse sen mirar os contidos. Se os resolves en papel ao finalizar podes mirar as respostas. Se os fas no ordenador de forma interactiva podes ir observando os resultados. Se o resultado non foi satisfactorio, volve a estudar os contidos e fíxate nos exercicios que fallaches. Podes facelos de novo

Día 10. Realiza o **Cuestionario co test de autoavaliación** onde poderás comprobar en qué medida alcánzache os obxectivos propostos.

Si non entendes algo ou queres ampliar coñecementos tes a túa disposición un “Vocabulario” e para ampliar coñecementos tes “Documentos e “Actividades de investigación”. Tamén tes “Enlaces a internet”

Se os resultados do test foron pouco satisfactorios, repasa os contido da unidade, e a continuación volve realizar as **actividades**.

En calquera caso **debes volver ler con atención todos os contidos** . **Estudando máis en función dos resultados acadados. Podes realizar os exercicios de autoavaliación, cuestionario... as veces que o consideres oportuno.**